



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 2128/1102

Por medio da presente notifícase a orde do día da Xunta de Goberno Local do 24 de xullo de 2026 rectificada por Resolución da Alcaldía ao abeiro do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

“ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24 DE XULLO DE 2026.

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: acta da sesión ordinaria do 17 de xullo de 2026.

CONTRATACIÓN

- 2.- Expediente de contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e dos seus Organismos Autónomos. Expte. 22448/240.
- 3.- Resolución do contrato de obras de humanización da rúa do Pazo (Bouzas) - PSTD casco histórico da Vila de Bouzas. Expte. 7179/241.
- 4.- Resolución do contrato de obras de pavimentación da rúa Doutor Cadaval. Expte. 7178/241.
- 5.- Proposta de declaración de deserto do procedemento de contratación das obras do proxecto de reforma do muíño do vento en espazo público no barrio de Ribadavia. Expte. 12934/307.
- 6.- Adxudicación do contrato do servizo do programa de atención psicolóxica para menores fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero. Expte. 14325/224.
- 7.- Adxudicación do contrato do servizo de mantemento do equipamento central do CPD municipal. Expte. 10814/113.
- 8.- Adxudicación da contratación da actuación artística do espectáculo “El Payaso Tallarín. Un mundo mágico”. Expte. 10648/335.



- 9.- Adxudicación da contratación do concerto “FNAC LIVE2”. Expte. 10650/335.
- 10.- Dar conta da resolución nº 172/2026 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Expte 99420/332.

DEPORTES

- 11.- Revisión das tarifas do contrato da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da praza central do polígono 1 do PERI II-12-A Florida B e na parcela do PERI 4 Barreiro II. Expte. 25780/333.

EMPREGO

- 12.- Proposta de desestimación recurso de reposición presentado contra acordo de aprobación das bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro 2026. Expte. 22216/77.

IGUALDADE

- 13.- Proposta para a apertura do trámite de consulta pública previa á elaboración da Ordenanza municipal abolicionista da prostitución e contra todo tipo de explotación sexual. Expte. 14712/224.

INTERVENCIÓN

- 14.- Proposta de aprobación das contas xustificativas dos libramentos de fondos a xustificar: ano 2026 (2º). Expte. 103101/140.

SERVIZOS XERAIS

- 15.- Dar conta da tramitación do expediente de “Mellora das redes de servizos na rúa Cesáreo Vázquez 1ª FASE”. Expte. 2601/441.
- 16.- Proposta de aprobación do proxecto básico e de execución “Reforzo estrutural e mellora de accesibilidade da Praza do Rei”. Expte. 6768/443.





CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 2128/1102

TURISMO

- 17.- Bases específicas e convocatoria de subvencións para a organización de eventos e congresos relacionados co turismo MICE de interese turístico no ano 2026. Expte. 9100/104.

URBANISMO

- 18.- Aprobación inicial da cesión gratuíta á Administración Xeral do Estado da parcela municipal 494 do Inventario de Bens da Xerencia Municipal de Urbanismo para Biblioteca Pública do Estado. Expte. 2254/433.

- 19.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ORDINARIA na Alcaldía o día **24 de xullo de 2026, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local comunicándolle que o expediente da convocatoria da sesión máis os expedientes incluídos na orde do día se atopan a súa disposición mediante o seu acceso electrónico na xestión de expedientes.

Así mesmo, notifíquese á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e publíquese na sede electrónica do Concello de Vigo aos efectos do público coñecemento.”

SGF/xs.

Vigo, na data da sinatura dixital.

